

UNIDADE 4. As relacións afectivas: aprendendo a querer mellor

Lecturas

Lectura 1: “Chantaxe”, de Shakira e Maluma

A que non lle gusta puntear e repuntear coas cancións de máis éxito? Entre tanto tacón-punta-tacón hai que parar de cando en vez a reflexionar sobre os estereotipos que nos transmiten as cancións máis populares. Analicemos, por poñer un exemplo, “Chantaxe”, o éxito de Maluma e Shakira que atronou os nosos oídos ao longo do 2016.

“Cuando estás bien te alejas de mí.
Te sientes sola y siempre estoy ahí.
Es una guerra de toma y dame.
Pues dame de eso que tienes ahí.
Oye, baby, no seas mala,
no me dejes con las ganas.
Se escucha en la calle,
que ya no me quieres.
Ven y dímelo en la cara.
Pregúntale a quien tú quieras,
vida, te juro que eso no es así.
Yo nunca tuve una mala intención,
yo nunca quise burlarme de ti.
Conmigo ves, nunca se sabe,
un día digo que no y otro que sí.
Yo soy masoquista.
Con mi cuerpo, un egoísta.
Tú eres puro, puro chantaje,
puro, puro chantaje.
Siempre es a tu manera,
yo te quiero aunque no quieras.
Vas libre como el aire.
No soy de ti ni de nadie.
Como tú me tientas cuando tú te mueves,
ese movimiento sexy siempre me entretiene.
Sabes manipularme bien con tus caderas.
No sé porqué me tienes en lista de espera.

Te dicen por ahí que voy haciendo y deshaciendo,
que salgo cada noche, que te tengo ahí sufriendo,
que en esta relación soy yo la que mando.
No pares bola a toda esa mala propaganda
Pa'qué te digo na', te comen el oído,
No vaya a enderezar lo que no se ha torcido
Y como un loco sigo tras de ti,
muriendo por ti,
dime que es por mí, baby.”

1. Para facilitar a interpretación da canción, marcamos en letra vermella as partes que canta o home. En letra normal os versos da muller. Que diferenzas atopas entre un parlamento e outro?
2. Que tipo de relación se describe na canción de Maluma e Shakira? De amor, amizade...?
3. Cres que nesa relación predominan os bos tratos ou trátase dunha relación tóxica? Subliña as frases que xustifiquen a túa resposta.
4. Pensas que esta relación pode ter algún futuro? Se pensas que non, como imaxinas o seu final?
5. Nesta canción transmítense varios mitos do amor romántico. Cales son?

Lectura 2: Pierre Bourdieu, A dominación masculina, e Informe sobre o homicidio en España (xornal El País, 16/12/2018)

O sociólogo francés Pierre Bourdieu publicou en 1998 o ensaio *A dominación masculina*. Velaquí un extracto:

“Se as mulleres, sometidas a un proceso de socialización que as nega, practican a aprendizaxe das virtudes negativas de abnegación, resignación e silencio, os homes tamén son prisioneiros e vítimas subrepticias da representación dominante (...).

O privilexio masculino non deixa de ser unha trampa (...), que impón en cada home o deber de afirmar en calquera circunstancia a súa virilidade (...).

Algunhas formas de *valentía*, as que esixen ou recoñecen os exércitos ou as policíaas (...) e as bandas de delincentes, aínda que tamén, máis trivialmente, algúns colectivos de traballo –e que, especialmente nos oficios relacionados coa construción, estimulan ou obrigan a rexeitar as medidas de seguridade e a negar ou a desafiar o perigo a través duns comportamentos fanfarróns, responsables de numerosos accidentes–, atopan o seu principio, paradoxalmente, no medo a perder a estima ou a admiración do grupo, de perder a cara diante dos colegas, e de verse relegado á categoría tipicamente feminina dos *débiles*, os *mexericas*, os *maricas* (...)

Como vemos, a virilidade é un concepto propio das relacións sociais construído ante e para os homes e contra a feminidade, nunha especie de medo do feminino.”

Por outra parte, o 16 de decembro de 2018 o xornal El País [facíase eco](#) dos datos do primeiro [informe sobre o homicidio en España](#), realizado por un equipo de investigadores do Ministerio de Interior:

“O 62% dos homicidios son de homes a homes; o 28%, de homes a mulleres; o 7%, de mulleres a homes; y el 3%, de mulleres a mulleres.

O estudo examina máis de 632 homicidios -algúns deles múltiples— cometidos entre 2010 y 2012, unha marxe de tempo suficiente para que estean esclarecidos pola policía (...).

Os homes matan e morren moito máis: son o 89% dos homicidas e o 61% das vítimas. “Un homicidio pódese dar en calquera contexto, pero hai máis probabilidade de que se dea nuns contextos que noutros”, apunta o criminólogo Jorge Santos, da Universidade Autónoma de Madrid. O 69% dos homes homicidas xa tiñan antecedentes policiaais. E o 31% dos casos están relacionados coas drogas”.

1. Que quere dicir Bourdieu cando di que “os homes tamén son vítimas da representación dominante”?
2. Que exemplos atopas no texto de Bourdieu de afirmación de virilidade? Ocorrésese algún outro exemplo?
3. Bourdieu afirma que cando un home non amosa a virilidade que lle esixe a representación dominante, sofre as consecuencias a nivel social. Cales son?

Igualdade de Xénero. Unidade 4: Lecturas

4. Por que cres que existe ese “medo ao feminino” do que Bourdieu fala ao final do texto?
5. Analiza os datos do estudo que menciona El País. Non che sorprenden os datos? Atopas algunha relación entre un e outro texto?